

SARGADELOS/MADRID

MANUEL PEREIRA VALCÁRCEL

A grandeza e a significación de Sargadelos vén da vontade, do rigor e da consecución duns propósitos encomiables: poñer de manifesto a existencia dunha industria cerámica galega, amosala, e facela rendible en Madrid, ao mesmo tempo que se divulgaban o resto de facetas da cultura dun país que precisaba mostrar as súas capacidades. Naturalmente, o éxito comercial propiciou o labor de divulgación cultural. Pero tamén poderíamos facer a consideración contraria, pensar que boa parte desa acollida comercial estivese motivada polo que tiña de auténtico, de tradición recuperada nunha nova etapa de vangarda e á súa diferenza con outras propostas menos arriscadas esteticamente. Sexan cales fosen as causas, está claro que, en definitiva, hoxe segue en pé pola súa boa saúde comercial. A venda de cerámica é a que permite facer outras actividades: manter a librería de obras galegas e portuguesas, caso único nesta cidade, organizar exposicións plásticas e diferentes actos culturais.

Gracias a estes actos, conferencias, mesas redondas, recitais, foi conseguindo o valor representativo que ten. Para moitos galegos e galegas que residimos na capital, Sargadelos é a nosa aldea

adoptiva. Unha aldea acolledora e universal. Unha xeografía breve pero en plenitude de lucidez e intelixencia.

Cúmprense agora, neste mes de maio, vintecinco anos dende a súa inauguración. De entón a hoxe foron moitas as persoas que falan e deixaron alí as pegadas dunha voz que aínda resoa. Por alí pasaron Luís Seoane, Lois Tobío, Celso Emilio Ferreiro, Reimundo Patiño... Xunto a eles, e despois deles, outras xeracións novas seguiron e seguen aportando o seu esforzo, a súa ilusión e o seu talento, estou falando de Manuel Rivas, os irmáns Pereiro, João Guisão Seijas, o grupo poético Bilbao, o infatigable e sempre novo Borobó e tantos outros habituais nas convocatorias da casa.

É xusto recoñecer, porque as boas ideas e os bos propósitos por si sós non conseguen obxectivo ningún, o labor de quen puxo en marcha e levou adiante unha tarefa que non é froito da casualidade nin do azar, senón do esforzo. Salientemos, logo, a vontade, a intuición e a afouteza de Isaac Díaz Pardo e, por suposto, a dedicación, a firmeza e a xenerosidade de quen, dende o primeiro momento, se encargou de que a tenda fose un relanzo para o encontro e a amizade, Inés Canosa.